



El arte de acompañar

Domínguez Prieto, Xosé Manuel. Ed. PPC. Madrid 2017

El arte de acompañar, escrito por X. M. Domínguez Prieto, profesor de filosofía, conferenciante e escritor, amplía, con outra perspectiva, o tema tratado por *Encrucillada* no seu número 207 sobre o acompañamento. A importancia e oportunidade desta nova publicación déixaa clara o autor na súa Presentación. Son dúas as razóns que a motivan: unha, o convite do Papa Francisco en *Amoris laetitia* a sermos expertos na arte de acompañar neste tempo da historia; outra, dar soporte metodolóxico, a modo de orientación e guía no Mesurado en *coaching* familiar que organiza o Instituto da Familia de Ourense, dirixido polo autor. Domínguez Prieto ten unha extensa e ben avalada experiencia no acompañamento a persoas, familias e grupos.

Desde o inicio do libro, o profesor Domínguez insiste en que o acompañamento debe ser integral, isto é, a toda a persoa nas

súas diferenciadas dimensións (corporal, intelectual, volitiva, relacional e comunitaria, espiritual e biográfica). Advirte sobre a tendencia na práctica aos reduccionismos, previndo dos riscos de patoloxizar os problemas e conflitos.

Cun obxectivo didáctico, o texto está distribuído en dúas grandes seccións: unha sobre o acompañamento e outra sobre o método de acompañamento. Na primeira esclarece por que ese acto tan connatural ao ser humano é unha arte, un saber facer; polo que hai que aprendelo e practicalo. E, máis que coñecementos e técnicas aprendidas, o acompañamento é unha relación de encontro entre dúas persoas (acompañante e acompañado) en que, mediante o diálogo, unha axuda, orienta e empodera a outra no seu camiño de crecemento persoal.

Quen non acompañou algunha vez alguén? Todos somos co-